



XUNTA DE GALICIA

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DO MINHO
PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E DIFUSIÓN
DO EURES TRANSFRONTEIRIZO GALICIA-NORTE DE PORTUGAL**

En Santiago de Compostela, a 22 de xuño de 2017

R E Ú N E N S E

Dunha parte, D. Francisco José Conde López, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, en nome e representación da consellería, en virtude do Decreto 148/2016 do 13 de novembro, do seu nomeamento e intervindo no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/83, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, D. _____, en calidade de Pró-Reitor da Universidade do Minho.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e,

E X P O Ñ E N

Primeiro. O Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como o Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, establecen que a Consellería de Economía Emprego e Industria é a consellería a quen lle corresponde, de conformidade co Estatuto de Autonomía e coa Constitución, propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito laboral, que engloba as competencias en materia de políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais e seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, cooperativas e outras entidades de economía social, orientación e promoción laboral.

Que polo Real Decreto 1375/1997, do 29 de agosto, foi transferida á Comunidade Autónoma de Galicia a xestión realizada polo INEM no ámbito do traballo, emprego e formación, transferencia que foi efectivamente asumida pola Consellería de Economía,



XUNTA DE GALICIA

Emprego e Industria en virtude do Decreto 289/1997, do 9 de outubro, en relación co Decreto 175/2015, do 3 de decembro polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Que como consecuencia da transferencia citada, é a Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Dirección Xeral de Promoción e Orientación Laboral, a responsable de levar a cabo as accións de intermediación no mercado de traballo, e en concreto, as relativas á inscrición e rexistro de demandantes de emprego e das ofertas de traballo, rexistro de contratos, autorización de axencias de colocación e Rede EURES.

Dentro da Rede EURES atópase o servizo EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, que ten como obxectivo dar resposta ás necesidades de información ligadas á mobilidade fronteiriza de traballadores e empresarios.

Segundo. Que o EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal foi creado con data 15/12/1997 mediante a sinatura dun convenio marco de colaboración entre distintos socios, entre os cales se atopan, entre outros, a Xunta de Galicia o Instituto de Emprego e Formación Profesional (Lisboa-Portugal) e a Universidade do Minho, entidade non lucrativa.

O Convenio Marco de colaboración foi ratificado con data de 31/05/2010.

Dito convenio establece en base á Decisión 2003/8/CE da Comisión de 23 de decembro de 2002, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Asegurar a circulación de información relativa ás ofertas e demandas de emprego entre as rexións fronteirizas.
- Asegurar a transparencia de información relativa ao mercado de traballo e ás condicións de vida e traballo nestas rexións.

O citado convenio especifica no artigo 1º a necesidade de conquistar conxuntamente os obxectivos antes mencionados entre todos os socios e no artigo 5º a preparación dun plan de traballo global no que se especifiquen as actividades de cada socio, entre as que se atopan as de información e difusión que neste período se lle encomendan á Universidade do Minho.

Asimesmo, establece no seu artigo 11º que os Servizos Públicos de Emprego rotativamente, sexan os únicos perceptores da contribución da Comisión Europea, conforme ao artigo 10º e que procedan á distribución dos fluxos financeiros entre os respectivos socios.

Terceiro. De acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, queda xustificado o carácter singular da axuda e as



razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública (pois só poderán acceder os socios participantes do EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, socios cos cales se convenia), e atendendo ás especificidades do obxecto do convenio.

É por isto que, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, responsable da xestión das accións transferidas anteriormente indicadas e sendo perceptora dos fondos financeiros comunitarios considera esencial a realización por parte da Universidade do Minho das actividades relacionadas na cláusula primeira.

Por todo iso formalizan o presente Convenio conforme ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. O obxecto do presente Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Economía Emprego e Industria e máis a Universidade do Minho para a realización das seguintes actividades que figuran no Convenio VS/2016/0320, relativo á aprobación pola Comisión Europea e pola Consellería de Economía Emprego e Industria do orzamento e subvención comunitaria para EURES Transfronteirizo Galicia - Norte de Portugal.

- *Actividade nº 5.3. Forum Emprego Universitario EURES-T 2017:
Galicia-Norte Portugal Días do Emprego Universitario G-NP* 6.843,30€
- *Actividade nº 5.5. EURES-T / Universidade / Empresa* 1.938,72€

Segunda. A achega financeira ao citado Convenio, no que atinxe á Consellería de Economía Emprego e Industria, establécese en 7.903,82€. A antedita financiación realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.41.322A.490.0 (Proxecto: 2016 00413 EURES). Dita cantidade correspóndese co 90% da contía orzamentada para o desenvolvemento das actividades que figuran no Convenio VS/2016/0320.

Unha vez asinado o convenio, e logo de solicitude por parte da entidade, poderase facer efectivo un pagamento en concepto de anticipo que non excederá do 50% do total da achega fianceira da Consellería.

Unha vez rematadas e xustificadas a totalidade das actividades conveniadas realizarase a liquidación e o pagamento final do importe resultante. O prazo para a presentación por parte dos beneficiarios da documentación xustificativa final remata o 10 de novembro de 2017, sendo de aplicación o artigo 45 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

En todo caso, e tal como está previsto no artigo 60 do citado Decreto 11/2009, o pagamento da subvención será realizado na parte proporcional do coste final debidamente realizado e xustificado.

En ningún caso a Consellería de Economía Emprego e Industria aboará custo ningún que exceda do valor da achega financeira consignada nesta clausula segunda.

Terceira. A Universidade do Minho, feitas cada unha das actividades obxecto do presente Convenio, deberá xustificar a súa realización mediante a presentación de conta xustificativa, coa achega das facturas que acrediten o gasto e os documentos de pagamento correspondentes, nos termos que establece o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia. Para o suposto de que os gastos efectuados foran menores que a contía orzamentada para o desenvolvemento das actividades a achega da Consellería minorarase na contía correspondente á porcentaxe de financiamento e o organismo socio, de ser o caso, deberá devolver á Consellería a contía indebidamente pagada.

Unicamente serán computadas como gastos realizados os aprobados segundo o Convenio VS/2016/0320, sempre e cando estes estean xustificadas segundo o establecido nas Normas Financeiras para Solicitantes (Final Guidelines for Applicants) da convocatoria de propostas VP/2016/005.

Se unha ou varias das actividades conveniadas non chegase a término de maneira que non sexa posible que produza os efectos que lle son propios, os gastos realizados inherentes á mesma non serán computados.

Se unha vez presentado o relatorio final de actividades á Comisión Europea algún dos gastos realizados non fose aceptado por este organismo, a Universidade do Minho terá que restituír á Xunta de Galicia a contía correspondente a este gasto.

Cuarta. De acordo co establecido no artigo 65.4.h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías “as entidades non lucrativas, así como as federacións, confederacións ou agrupacións destas, que desenvolvan proxectos ou programas de acción social ou cooperación internacional”.

Quinta. Os gastos nos que se incorra para o desenvolvemento destas accións, poderanse imputar a este convenio dende o día 1 de xaneiro de 2017 ata a data de remate da vixencia do mesmo.

A Consellería de Economía Emprego e Industria resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación económica.



XUNTA DE GALICIA

A vixencia do presente Convenio de Colaboración, extenderase dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Sexta. A Universidade do Minho estará suxeita ás seguintes obrigas:

- a) Comunicarlle ao órgano que concede a subvención calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.
- b) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Economía Emprego e Industria, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.
- c) Conservar os xustificantes da realización das actividades deste convenio, así como da aplicación dos fondos recibidos. O prazo será de 3 anos e computarase a partir do peche do programa operativo, tal como se define no artigo 89, apartado 3, do Regulamento 1083/2006, do Consello.
- d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á Universidade do Minho coa identificación en conta separada ou epígrafe específico da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións realizadas, coa referencia común a todos eles de fomento da empregabilidade.

Sétima. A Universidade do Minho, para poder obter a condición de beneficiario, deberá cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Universidade do Minho estará suxeita ao cumprimento das obrigas recollidas no artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

Oitava. A Universidade do Minho presta o seu consentimento á Consellería de Economía Emprego e Industria para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal poderán exercerse ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Economía, Emprego e Industria, Secretaría Xeral Técnica, Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela; ou a través dun correo electrónico a lopindustria@xunta.gal.

A Consellería de Economía Emprego e Industria publicará na súa páxina web oficial a realización do presente convenio coa Universidade do Minho e o importe da axuda concedida.

Novena. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión de axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, a súa revogación.

Décima.- Procederá a revogación da axuda, así como o reintegro total ou parcial das cantidades e a esixencia de xuro de demora, nos casos e termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A obriga do reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Décimo primeira. A suscripción deste convenio de colaboración non leva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería de Economía Emprego e Industria.

Décimo segunda. A duración deste convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017, podéndose denunciar pola parte que considere vulnerado o seu espírito por incumprimento dalgunha das súas cláusulas.



XUNTA DE GALICIA

A denuncia terá que efectuarse mediante comunicación ás outras partes, por escrito fundado e cunha antelación mínima dun mes. Agás acordo expreso en contrario, teranse que rematar as accións xa iniciadas.

Décimo terceira. Correspóndelle á Comisión creada para o efecto o seguimento e interpretación das dúbidas que se presenten. Formarán parte da mesma dous membros designados por cada unha das partes.

Este convenio terá carácter administrativo. No caso de persistir as dúbidas ou controversias despois de reunida a Comisión Mixta, estas serán resoltas polo Conselleiro de Economía Emprego e Industria. A xurisdición competente, de ser o caso, será a contencioso-administrativa.

Décimo cuarta. As accións subvencionadas previstas neste convenio son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Décimo quinta. O incumprimento dalgunha das cláusulas do convenio será causa bastante para a súa denuncia. Neste caso, feita a denuncia por calquera das partes quedará en suspenso a actividade obxecto de convenio e por ende das respectivas obrigas, sen que iso orixine unha ampliación do prazo convido.

E en proba de conformidade, asinan este convenio de colaboración por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA CONSELLERÍA DE
ECONOMÍA EMPREGO E INDUSTRIA

POLA UNIVERSIDADE DO MINHO

Francisco José Conde López
